



Do Novo Real Decreto á acción: Carbono, Seguridade Alimentaria e Competitividade cunha xestión 360º



22 maio 2025



12.30h – 14:00



Online

A sustentabilidade converteuse nun eixo estratéxico para a industria alimentaria, non só polo seu impacto ambiental, senón como resposta ante un contexto lexislativo e de mercado cada vez máis esixente.

O novo Real Decreto sobre a pegada de carbono marca un antes e un despois na obriga de medir, reducir e comunicar as emisións ao consumidor e a la cadea de valor, o que require que as empresas adapten os seus procesos nos seus modelos produtivos dunha maneira eficiente, dixital e sostible.

Ao mesmo tempo, as demandas do mercado están a premiar aquelas compañías que apostan pola descarbonización, a eficiencia e a transparencia. Identificar e activar estas pancas non só permite cumprir coa normativa, senón tamén gañar competitividade e abrir oportunidades de negocio.

Por estes motivos, desde Clusaga queremos apoiar ás empresas do sector alimentario galego para que se adapten ás novas esixencias, avanzando cara a ciclos de carbono sostibles e promovendo a colaboración entre os diferentes elos da cadea de valor e os axentes de coñecemento e tecnolóxicos.

Neste evento de peche presentaranse os principais resultados do proxecto “Obradoiro Ciclos de Carbono Sostibles Alimentarios”, desenvolto ao longo de 2024 e 2025.

Máis información

✉ circular@clusaga.org ☎ 682 616 021

FORMULARIO DE INSCRICIÓN

PROGRAMA

12:30	Financiamento para a competitividade empresarial Guillermo Viña IGAPE
13:00	Análise lexislativa do Novo Real Decreto Pegada de Carbono Marta González LURNOVA
13:15	Accións para a competitividade das empresas máis aló do cumprimento normativo Marta Eiroa Galaica
13:30	Plataforma dixital de sistema integrado de xestión ambiental, calidade e seguridade alimentaria Carolina Elduayen Unifikas-CYC
13:45	Resultados do Obradoiro Ciclos de Carbono Alimentarios Sostibles Perla Ferrer Clúster Alimentario de Galicia
14:00	Clausura Perla Ferrer Clúster Alimentario de Galicia

PROYECTO FINANCIADO POR EL IGAPE



INSTITUTO GALEGO
DE PROMOCIÓN
ECONÓMICA

